



vilaalba, 14/8/2014



Opinión en Galicia

Exposición Itinerante Manuel Rodríguez López

viernes, 10 de outubro de 2014

EXPOSICIÓN ITINERANTE SOBRE O NOSO POETA MANUEL
RODRIGUEZ LOPEZ POETA EMIGRANTE, POETA OBREIRO NA
EMIGRACION GALEGA EN CATALUNYA SABADO 11 DE OCTUBRE 19 h.
CENTRO GALEGO DE BARCELONA ACTO ABERTO



O pasado agosto, celebrouse en Vilalba, a Exposición Itinerante sobre vida e obra do poeta obreiro MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ, do que me honro de haber sido un dos seus numerosos amigos na emigración en Barcelona.

A exposición promovida por o concello e diputación de Lugo, a Xunta e a editorial de información galega GALICIA DIXITAL, ten por obxecto promover o coñecemento da súa obra e revindicar o nomeamento de persoeiro merecedor das LETRAS GALEGAS.

Esta exposición , celebrou nas principais capitais e vilas de Galicia, como son Santiago, A Cruña , Vilalba, Sarria etc. e nestes intreos vai a celebrar o próximo sábado día 11-10-14 as 7 da tarde, no Centro Galego de Barcelona, o que acudirán un dos seus promotores , Xulio Xiz, amigo personal e persoeiro de renome da cultura galega , o Alcalde de Paradela Sr. Manoel Mato, o cura Jesús Mato, fundador de Fuxan os Ventos e amigo personal do poeta, a súa viuda Irene López,. os seus fillos Santi e Enrique, e o Secretario Xeral de Política Lingüística.

Por tratarse dun persoeiro que foi directivo do Centro Galego de Barcelona, espérase moita asistencia dos seus numerosos amigos na entidade, así como destacados como o catedrático Basilio Losada, a galeguista Yolanda Díaz , presidentes de todas as entidades e todo o público que un día tiveron a sorte de coñecer a tan relevante poeta. Sería xusto que a colonia galega en Catalunya, aproveitase este evento para facerlle o homenaxe que se merece por os feitos en pro da nosa terra e por ser un de nos, OBREIRO EMIGRANTE.



González Vilela, Alfredo

Vilalbairmándase con Paradela a través dunha exposición sobre o escritor e xornalista Manuel Rodríguez López

A mostra, composta por 8 paneis, permanecerá exposta na Casa da Cultura de Vilalba ata comezos do mes de setembro.

[Cultura](#)

/ Enviado por redactor o Lun, 11/08/2014 - 13:36

[Envía a túa opinión](#)



A exposición “[MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ](#), emigrante galego-poeta obreiro”, chega á Casa da Cultura vilalbesa, onde será inaugurada o próximo xoves 14 de agosto nun acto que presidirá o Alcalde de Vilalba, Gerardo Criado.

A mostra, que forma parte do proxecto do mesmonome, é unha iniciativa de GaliciaDigital, coa colaboración do Concello de Paradela e a familia do escritor, apoiada pola Xunta de Galicia, Deputación Provincial, Concello de Lugo e Real Academia Galega. E, nesta ocasión, tamén polo Concello de Vilalba.

É unha mostra itinerante formada por 8 paneis, na que se reflicte a vida, obra e actividade xornalística e social do escritor nado en Paradela, que escribiu a maior parte da súa obra na emigración.

catalana, e que o seu concello natal ten declarado Fillo Predilecto, deulle o seu nome á Casa da Cultura, e ten instituído un certame na súa honra que vaichegar á XX edición.

Que esta exposición veña agora a Vilalba, precisamente cando se vai fallar a XL edición do seu certame literario, é un xeito de irmandar e resaltar a afinidade de dous concellos lucenses con certame literario propio, nos que a mesma institución municipal edita as obras premiadas nun libro. Esta exposición comezou o seu percorrido hai un ano en Paradela, pasando por Lugo, Begonte, Sarria, Portomarín e Santiago. En setembro viaxará a A Coruña (Biblioteca Nodal e Real Academia Galega), e en outubro a Barcelona, onde o escritor homenaxeado foi o cronista das actividades dos galegos en Cataluña, e o contacto permanente entre os galegos do exterior e os do interior.

Participarán no acto inaugural, o Alcalde de Paradela, José Manuel Mato; a viúva, fillos e neto do escritor; o director de Galicia Digital, Antonio Giz e o alcalde de Vilalba, Gerardo Criado. O cantautor Alfredo González Vilela, lucense de Becerreá afincado en Barcelona, interpretará cancións con letra de Manolo Rodríguez, e o violinista galego residente en Bristol (Reino Unido), de 15 anos de idade, neto do homenaxeado, Carlos Rodríguez Otero, interpretará pezas ao violín. A mostra permanecerá aberta ata comezos do próximo mes de setembro.



LA EXPOSICIÓN MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ, EN LA CASA DA CULTURA DE VILALBA

[Inicio](#)

Jue, 14/08/2014 - 13:23

La exposición "MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ, emigrante galego-poeta obreiro", llega a la Casa da Cultura de Vilalba, donde se inaugurará el próximo jueves, día 14, en un acto que presidirá el Alcalde de Vilalba, Gerardo Criado. La muestra, que forma parte del proyecto del mismo nombre, es una iniciativa de GaliciaDigital, con la colaboración del Ayuntamiento de Paradela y la familia del escritor, apoyada por la Xunta de Galicia, Diputación Provincial, Concello de Lugo y Real Academia Gallega. Y, en esta ocasión, también por el ayuntamiento de Vilalba.

Es una muestra itinerante formada por 8 paneles dobles, en la que se refleja la vida, obra y actividad periodística y social del escritor nacido en Paradela, que escribió la mayor parte de su obra en la emigración catalana, y que su ayuntamiento natal ha declarado Hijo Predilecto, le dio su nombre a la Casa da Cultura, y tiene instituido un certamen en su honor que va a llegar a la XX edición.

Que esta exposición venga ahora a Vilalba, precisamente cuando se va a fallar la XL edición de su certamen literario, es una manera de hermanar y resaltar la afinidad de dos ayuntamientos lucenses con certamen literario propio, en los que la misma institución municipal edita las obras premiadas en un libro. Esta exposición comenzó su recorrido hace un año en Paradela, pasando por Lugo, Begonte, Sarria, Portomarín y Santiago. En septiembre viajará a A Coruña

(Biblioteca Nodal y Real Academia Gallega), y en octubre a Barcelona, donde el escritor homenajeado fue el cronista de las actividades de los gallegos en Cataluña, y el contacto permanente entre los gallegos del exterior y los del interior.

Participarán en el acto inaugural, el Alcalde de Paradela, José Manuel Mato; la viuda, hijos y nieto del escritor; el director de GaliciaDigital, Antonio Giz y el alcalde de Vilalba, Gerardo Criado. El cantautor Alfredo González Vilela, lucense de Becerreá afincado en Barcelona, interpretará canciones con letra de Manolo Rodríguez, y el violinista gallego residente en Bristol (Reino Unido), de 15 años de edad, nieto del homenajeado, Carlos Rodríguez Otero, interpretará piezas al violín. La muestra permanecerá abierta hasta comienzos del próximo mes de septiembre.

Información sobre MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ puede obtenerse en la web www.manuelrodriguezlopez.org, donde también figura el contenido de los paneles de esta exposición.



Mercores, 20 de agosto de 2014

Exposición Manuel Rodríguez López

XulioXiz.-

A exposición “MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ, emigrante galego-poeta obreiro”, pode ser visitada na Casa da Cultura vilalbesa ata comezos do próximo mes de setembro, coincidindo coas festas patronais de San Ramón e Santa María.

A mostra, que forma parte do proxecto do mesmonome, é unha iniciativa de Galicia Digital, coa colaboración do Concello de Paradela e a familia do escritor, apoiada pola Xunta de Galicia, Vicepresidencia da Deputación Provincial de Lugo, Concello de Lugo e Real Academia Galega. Nesta ocasión, tamén polo concello de Vilalba.

É unha mostra itinerante formada por 8 paneis dobres, na que se reflicte a vida, obra e actividade xornalística e social do escritor nado en Paradela, que escribiu a maior parte da súa obra na emigración catalana, e que o seu concello natal ten declarado Fillo Predilecto, deulle o seu nome á Casa da Cultura, e ten instituído un certame na súa honra que vaichegar á XX edición.

Que esta exposición visite agora a Vilalba, precisamente cando se vai fallar a XL edición do seu certame literario, é un xeito de irmandar e resaltar a afinidade de dous concellos lucenses con certame literario propio, nos que a institución municipal edita as obras premiadas nun libro.

Esta exposición comezou o seupercorrido hai un ano en Paradelas, pasando por Lugo, Begonte, Sarria, Portomarín e Santiago. En setembro viaxará a A Coruña (Biblioteca Nodal e Real Academia Galega), e en outubro a Barcelona, onde o escritor homenaxeado foi o cronista das actividades dos galegos en Cataluña, e o contacto permanente entre os galegos do exterior e os do interior.

Participaron no acto inaugural, o Alcalde de Paradelas, José Manuel Mato; a viuva, fillos e neto do escritor; o director de Galicia Digital, Antonio Giz e o alcalde de Vilalba, Gerardo Criado. O cantautor Alfredo González Vilela, lucense de Becerreá afincado en Barcelona, interpretou cancións con letra de Manolo Rodríguez (CANTAR DE CEGO e OUH GALICIA DO ALEN) e o violinista residente en Bristol (Reino Unido), de 15 anos de idade, neto do homenaxeado, Carlos Rodríguez Otero, interpretou o violín CZARDAS, de Vittorio Monti e a DANZA HÚNGARA nº 5 de Brahms.

Información sobre MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ pode obterse na web www.manuelrodriguezlopez.org, onde tamén figura o contido dos paneis desta exposición.

19 ago, 2014



Notas de prensa

[A exposición Manuel Rodríguez López, na casa da cultura de Vilalba](#)

A exposición “MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ, emigrante galego-poeta obreiro”, chega á Casa da Cultura vilalbesa, onde será inaugurada o próximo xoves, día 14, nun acto que presidirá o Alcalde de Vilalba, Gerardo Criado. A mostra, que forma parte do proxecto do mesmonome, é unha iniciativa de GaliciaDigital, coa colaboración do Concello de Paradela e a familia do escritor, apoiada pola Xunta de Galicia, Deputación Provincial, Concello de Lugo e Real Academia Galega. E, nesta ocasión, tamén polo concello de Vilalba.



É unha mostra itinerante formada por 8 paneis doubles, na que se reflicte a vida, obra e actividade xornalística e social do escritor nado en Paradela, que escribiu a maior parte da súa obra na emigración catalana, e que o seu concello natal ten declarado Fillo Predilecto, deulle o seu nome á Casa da Cultura, e ten instituído un certame na súa honra que vai chegar á XX edición.

Que esta exposición veña agora a Vilalba, precisamente cando se vai fallar a XL edición do seu certame literario, é un xeito de irmandar e resaltar a afinidade de dous concellos lucenses con certame literario

propio, nos que a mesma institución municipal edita as obras premiadas nun libro. Esta exposición comezou o seupercorrido hai un ano en Paradela, pasando por Lugo, Begonte, Sarria, Portomarín e Santiago. En setembro viaxará a A Coruña (Biblioteca Nodal e Real Academia Galega), e en outubro a Barcelona, onde o escritor homenaxeado foi o cronista das actividades dos galegos en Cataluña, e o contacto permanente entre os galegos do exterior e os do interior.

Participarán no acto inaugural, o Alcalde de Paradela, José Manuel Mato; a viuva, fillos e neto do escritor; o director de Galicia Digital, Antonio Giz e o alcalde de Vilalba, Gerardo Criado. O cantautor Alfredo González Vilela, lucense de Becerreá afincado en Barcelona, interpretará cancións con letra de Manolo Rodríguez, e o violinista galego residente en Bristol (Reino Unido), de 15 anos de idade, neto do homenaxeado, Carlos Rodríguez Otero, interpretará a saio violín. A mostra permanecerá aberta ata comezos do próximo mes de setembro.

Información sobre MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ pode obterse na web www.manuelrodriguezlopez.org, onde tamén figura o contido dos paneis desta exposición.

GaliciaDigital, 2014-08-14

ESCRITO DA FAMILIA DE MANUEL RODRIGUEZ LOPEZ

Benqueridas amigas e amigos:

É para nós, a familia de Manuel Rodríguez López, unha ledicia poder estar hoxe en Vilalba con todos vós nesta inauguración da Exposición Itinerante do poeta de Paradela. Gratitude especial ó concello de Vilalba, representado polo Señor Alcalde Gerardo Criado e o Señor Concelleiro de Cultura Jose María García Leira Boado, por acollernos nesta fermosa vila, nesta importante vila acolledora, capital da Terra Cha.

Queremos expresar públicamente o noso agradecemento a todos os que fixeron posible esta exposición e que están a posibilitar a pervivencia da obra de MRL nesta e en futuras xeneracións.

En primeiro lugar, gracias a GaliciaDigital, o motor impulsor que dende hai uns anos está a diseñar e promover un amplo proxecto para dar a coñecer o legado de MRL. O seu director, o amigo Antonio Giz é o responsable directo, xunto co amigo Xulio Xiz, deste ambicioso proxecto que tan bos froitos está a dar. Entre ises froitos, inclúense un dos portais web máis completos dun escritor galego, esta exposición itinerante que ten recorrido diversas localidades galegas e moitas outras iniciativas que xa están en marcha. O agradecemento cara os amigos Antonio Giz e Xulio Xiz é inmenso. Gracias a eles, o legado de MRL tomou nestes anos unha nova dimensión, gracias a eles a vida e obra de MRL acadan unha difusión impensable hai uns anos. Moitas gracias, amigos.

Este proxecto conta tamén co apoio de institucións que o fan posible. En primeiro lugar, o Concello de Paradela é fundamental co seu apoio incondicional, ó igual que o foi na totalidade de homenaxes e iniciativas para honrar a memoria de MRL. Gracias a Paradela, MRL é fillo predilecto do seu concello, descansa no panteón de paradelenses ilustres, ten adicado o centro sociocultural de Paradela, o certame literario de Paradela leva o seu nome e un longo etcétera de iniciativas que agora culminan con este proxecto. E detrás de todo este recoñecemento de máis de dúas décadas está o máximo responsable do Concello, o Alcalde amigo José Manuel Mato Díaz, sen o cual non se podería entender e non existiría como o coñecemos hoxe, a MRL. Gracias por sempre amigo Mato, gracias Paradela.

Gracias tamén a tres importantes institucións galegas, A Xunta de Galicia, en especial a Secretaría Xeral de Política Lingüística, á Deputación de Lugo e ó Concello de Lugo, por apoiar significativamente esta exposición itinerante en particular e ó proxecto en xeral.

Queremos expresar públicamente tamén o noso agradecemento ó Sr Presidente da Real Academia Galega, mestre e amigo de MRL e da nosa familia, D Xesús Alonso Montero, por apoiar activamente esta exposición e o proxecto.

Ó igual que agradecemos ó amigo Xesús Mato, tamén Fillo Predilecto de Paradela, por sementar a idea que froitificou neste proxecto.

Gracias especiais ó amigo Alfredo González Vilela, amigo de sempre, emigrante galego en Barcelona que tan feliz fixo en vida a MRL ó musicar os seus poemas e que sempre está connosco. E gracias á tamén emigrante galega en Barcelona, a amiga Iolanda Díaz Gallego por regalarnos a súa amizade verdadeira e por acompañarnos neste acto.

MRL xunguiuse para sempre con Vilalba en agosto do ano 1977, cando recibiu o primeiro premio Xosé María Chao Ledo no III Certame Literario de Vilalba polo poema A Emigrante.

Nunha entrevista feita por Xulio Xiz e publicada no diario El Ideal Gallego o 1 de Novembro de 1977, Xulio pregúntalle a MRL: “¿Por qué foi precisamente a este concurso de Vilalba, no que ganou o primeiro premio –temos entendido- entre gran número de poemas?” E o poeta de Paradela resposta: “Pois mandei a Vilalba porque eu realmente tiña ilusión dalgún ano conseguir ise premio, porque considero que é o concurso máis importante da provincia. Dende logo eu penso que conseguindo o premio de Vilalba é coma se dixeramos un espaldarazo á miña obra”.

E aquí estamos hoxe case 40 anos despois, ben acompañados por todos vós e sobre todo polo amigo Xulio Xiz.

Gracias a Xulio, insigne vilalbés merecente de recoñecemen público polo seu excelenete labor cultural dende hai décadas, por seguir sendo e por seguir estando connosco. Gracias a Xulio por apoiar incondicionalmente a tres xeneracións da nosa familia, o que demostra unha amizade fonda e verdadeira da que estamos orgullosos.

Non vou comentar os paneis, que se explican por si mesmos. Pero vou finalizar salientando unha das facetas do poeta de Paradela, a de emigrante galego. O impacto da emigración en MRL vese reflectido no poema “A emigrante” que acadou o premio aquí en Vilalba en 1977 e vou pedir a Xulio Xiz que o recite para rememorar a unión entre MRL e Vilalba que se renova hoxe para sempre. Moitas gracias.

ONTE CHEGACHES PRA PEDIR TRABALLO

á gran cidade; que deixaches, dona,
os cativiños e o marido lonxe
nunha casoupa.

No asfalto e no rebumbio mergullada,
ninguén enxoita as bágoas que che escoan,
ninguén cavila na tristura infinda
que te aferrolla.

A túa ialma esnaquizada zuga
o fel acedo do emigrante sino,
e a todas horas, soia en terra allea,
soñas cos fillos.

Il non ten saúde; que a perdeu moi novo
tronzando toros, removendo pedras,
rozando toxos e cavando a bouza
na probe aldea.

Somentes quedan os teus brazos rexos
pra erguer a casa asulagada en tebras;
coitados nenos, de farrapos cheos...
como langrean!

II

Da noite roubas horas de descanso
e fas roupiña prós meniños teus;
comes codelos pra aforrar os cartos
do longo mes.

Non es ti soia! Se somentes ti
o fel beberas da inxusticia moura,
que abura un pobo, que atanaza a raza,
que nos esfola...

Donas e mozas a milleiros fuxen
a terra estraña, percurando o pan;
que as leis non valen pra sandar as chagas
do probe lar.

Fica ermo o pobo. Soio quedan vellos,
homes eivados, silvas, corgas, nenos...
Galicia é fonte que somentes deita
prantos tristesiros.

III

Non canto á dona que no pazo folga.
Non louvo, NON, a enseñoreada lurpia
nen a burguesa que esqueceu a lingua
e a caste súa.

O meu poema, mesturado en sangue,
alauda a probe e a emigrante cansa
do vieiro longo, do camiño choído,
desfeita en bágoas.

Eu canto á dona que en lonxanos eidos
soña os seus nenos!

Eu canto á moza que en cidade allea
soña coa aldea!

Eu canto á avoa que acanea a filla
da súa filla!

Inauguración da Exposición Itinerante en Vilalba (Agosto 2014)

